

## DECÁLOGO PARA OS CERTAMES GALEGOS DE POESÍA DO SEGUNDO CUARTO DO S. XXI.

Os certames de poesía están a ser o medio que posibilita a moitos autores e autoras a entrada no sistema literario do país. A moitos outros lles permite manterse porque é o xeito de publicar a súa obra. E para os lectores son a referencia para achegarse á poesía coa calidade contrastada por un xurado especializado. Mais as análises e propostas feitas na xornada *Os certames galegos de poesía como motores dunha literatura propia*, levada a cabo en Carral o 9 de xuño de 2022, suxiren un avance no modelo de premios que se adapte á realidade literaria de Galicia e contribúa a construír unha nova paisaxe poética.

Así, do encontro en Carral de poetas, editores e organizadores de concursos nace o seguinte recetario para a organización de premios no segundo cuarto do século XXI:

- Os obxectivos dos certames, ademais daqueles que son alleos á propia creación poética, deben fomentar a escrita de novas obras para que sexan accesibles para os lectores.
- Os certames deben respectar as obras presentadas a concurso e os dereitos que os autores e autoras teñen sobre as súas creacións.
- Os certames deberán explorar métodos que faciliten a presentación de obras a concurso, evitando que os custos de envío ou presentación supoñan unha barreira para os novos escritores e escritoras.
- Os concursos deben permanecer atentos ao cumprimento das recomendacións en materia de sustentabilidade ambiental, social e económica, así como as que atinxen á igualdade de xénero.
- Dada a importancia do labor dos xurados, deben estar correctamente remunerados e deben contar cos tempos suficientes que lles permitan valorar a calidade das obras coas garantías de emitir un veredicto xusto e con argumentación literaria.
- Os certames e as editoriais deben implicarse na promoción dos e das poetas e as obras gañadoras como produto dun esforzo organizativo que contribúe á construción dunha literatura propia.
- As entidades responsables dos concursos deben ser conscientes de que o orzamento é moito máis que o premio económico, debendo atender coa calidade suficiente a difusión da convocatoria, o traballo organizativo, o xurado, a promoción do libro gañador e os esforzos solicitados aos autores o autoras premiadas para a visibilización do certame e os seus resultados.

- Os certames deben implantar sistemas de avaliación que lles permitan valorar a consecución dos seus obxectivos.
- O coñecemento e a experiencia de cada certame deben ser compartidos co resto de concursos galegos, coa finalidade de buscar complicidades e compartir esforzos que posibiliten unha mellora constante dos resultados.
- Os autores e autoras premiadas deben ser conscientes da responsabilidade adquirida ao obter o galardón para poñer en valor o certame e o conxunto de poetas premiados, tanto anteriores como futuros.

En definitiva, que os certames de poesía se organicen atendendo a unha creación literaria de calidade e sustentable, á consolidación e fomento de novos lectores e contribuíndo ao fornecemento do sistema literario galego, que é un dos piares sobre o que se constrúe a nosa cultura.